

Espazo Lectura, entre os finalistas da I^a Gala do Libro Galego

16/04/2016

|

Alberto Rodríguez



FOTO: ESPAZO LECTURA

A Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Asociación Galega de Editores e a Federación de Librarías convocan a I^a Gala do Libro Galego.

Desde hai anos viñan convocándose os premios literarios da AELG coa súa Gala das Letras, a Noite da edición en Galicia da Asociación Galega de Editores e mais os Premios Irmandade do Libro da Federación de Librarías de Galicia. A partir de agora todos estes galardóns desaparecen para transformarse nuns únicos premios literarios co libro galego como protagonista principal, convocados de forma conxunta polas tres organizacións.

Estes galardóns nacen co obxecto de recoñecer a excelencia do traballo literario realizado no ámbito editorial ao longo do ano 2015 en Galicia; as obras gañadoras faranse públicas no transcurso da Gala do Libro Galego 2016, que se celebrará no Teatro Principal de Santiago de Compostela o sábado 14 de maio.

Entre os finalistas figura a asociación Espazo Lectura, de Gondomar, na categoría de Iniciativa Cultural e Fomento da Lectura.

Espazo Lectura é unha organización non gobernalmental fundada para o fomento e a animación á lectura en lingua galega. Organiza actividades sen ánimo de lucro relacionadas coa promoción lectora, así como calquera outro tipo de iniciativas que teñan que ver coa promoción da lectura e do libro como referentes de benestar social e coa consideración do libro como elemento socializador, indispensable para elevar o nivel educativo, a conciencia crítica, a capacidade analítica e, en definitiva, a calidade de vida e o ocio das persoas.

Tags